



## FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO E AXUDAS PARA ADQUIRIR MATERIAL ESCOLAR CURSO 2020/21

**PRAZO: do 20 de maio ata o 19 de xuño (incluído), CON CITA PREVIA de 9 a 14 horas, a través do correo do centro: [ceip.artes.ribeira@edu.xunta.es](mailto:ceip.artes.ribeira@edu.xunta.es)**

### Asignación de libros e contías das axudas:

- Axudas material (Todo primaria): renda per cápita familiar igual ou inferior a 6,000€ será de 50€.
- Libros de texto (3º e 4º): Ao alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €: seis (6) libros de texto. Ao alumnado con renda per cápita familiar superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €: catro (4) libros de texto.
- Libros de texto (1º e 2º): Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €: 210 €. Renda per cápita familiar superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €: 140 €.

*O alumnado que estea en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia, o alumnado de educación especial ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65% será beneficiario desta axuda con independencia da renda.*

**AVISO: O alumnado que cambie de centro (IES ou outros centros de primaria) tramitará a solicitude no centro no que foi admitido.**

### PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

-Preferiblemente por vía electrónica na aplicación «fondolibros» (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros>) ou a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, procedemento ED330B.

-Opcionalmente no centro ou en calquera rexistro oficial.

-A solicitude estará asinada polo pai, nai, titor/a ou representante legal do alumnado, e a súa presentación implicará que: acepta as bases, cumpre os requisitos e son certos os datos indicados.

- Así mesmo, as persoas solicitantes poderán acceder por vía electrónica ao seu expediente, a través da aplicación Fondolibros, empregando a Chave 365 ou o certificado dixital da Fábrica Nacional da Moeda e Timbre.

### DOCUMENTACIÓN PARA A TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO:

**-Anexo I** (un único impreso para todos os fillos e, de ser o caso, tutelados, admitidos no mesmo centro para o curso 2020/21, e nel especificarase o nivel de estudos de cada un deles no citado curso. No caso de que a solicitude se tramite por vía electrónica empregando a aplicación Fondolibros, será necesaria a presentación dunha solicitude por cada alumno/a).

**-Anexo II** (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar).

**-Copia do libro de familia onde figuren todos os membros computables.**

Nos casos en que non teñan libro de familia ou este non reflecta a situación a 31 de decembro de 2018, poderán acreditar o número de membros empregando algún dos seguintes medios: Sentenza xudicial de separación ou divorcio ou, de ser o caso, convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor; certificado ou volante de convivencia; informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.

**-Calquera certificado que acredite discapacidade ou outras alegacións** (Certificado do grao de discapacidade do/a alumno/a ou calquera membro da familia; documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar; resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada; resolución acreditativa da situación de acollemento; certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais cando o pai e a nai ou titor ou titores carezan de DNI e NIE).

**A documentación complementaria presentarse preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.** Opcionalmente, poderase presentar a documentación complementaria no centro ou en calquera rexistro oficial.

**Os documentos deberán ser válidos e eficaces no momento da súa presentación, e reflectir a situación persoal, familiar e económica a 31 de decembro de 2018**, agás no caso de violencia de xénero.

#### **COMPROBACIÓN DE DATOS:**

No caso de **oposición á consulta** indicarse nos **cadros correspondentes** do formulario e **achegaranse os documentos correspondentes.**

#### **A ter en conta para cubrir a solicitude:**

**A renda per cápita da unidade familiar** é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do **exercicio fiscal 2018** entre o número de membros computables, tendo en conta que, computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33 % ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez, ou a equivalente de clases pasivas.

**Cando se presentase declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio fiscal 2018, sumaranse os recadros 432 e 460; cando non se presentase,** teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Nos casos de violencia de xénero non se terán en conta os ingresos do agresor para determinar a renda per cápita.

#### **• Membros computables da unidade familiar:**

- Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou titores do alumnado.
- Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados. Terán a mesma consideración que os/as fillos/as as persoas en situación de tutela ou acollemento familiar permanente ou preadoptivo legalmente constituído.
- Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente, sempre que estean suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Os/as fillos/as solteiros menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
- Os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida forman unha unidade familiar cos fillos que teñen en común.
- A persoa que, por novo matrimonio, en situación de unión de feito ou en situación de afectividade

análoga ás anteriores con convivencia, resida no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/a alumno/a, agás nos casos de custodia compartida.

Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.

Non terá a consideración de membro computable:

-A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.

-O agresor nos casos de violencia de xénero.

En todo caso, **terase en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar a 31 de decembro de 2018**, agás no relativo á violencia de xénero.

*Estas instrucións son un resume, para ampliar información consultarase a Orde do 12 de maio de 2020.*